





## ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEGAMP EN RELACIÓN A MELLORAS NAS PRESTACIÓNS E FINANCIACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

En Santiago de Compostela, a 22 de outubro de 2021

### REUNIDOS



Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, así como no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social.



Doutra parte, don Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante Fegamp), CIF V15160963, cede na rúa de Varsovia, 4C, 6º andar, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 29 de novembro de 2019.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse e outorgar este Convenio en nome da Consellería de Política Social e da Fegamp respectivamente.


## EXPOÑEN

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante, SAF), iniciado en Galicia na década dos 80 do século pasado, supuxo un dos mais importantes recursos sociais de apoio para as persoas con déficits de autonomía persoal. Ata a chegada da Lei 39/2006, del 14 de decembro, de promoción de la autonomía persoal y atención a las persoas en situación de dependencia, configurábase unicamente como un servizo de libre concorrencia, onde se asignaban horas en función dun baremo fixado por cada concello. Trala aprobación desta lei, pasou a configurarse como un dereito subxectivo para as persoas en situación de dependencia en cuxo programa individual de atención (en adiante, PIA), se estableza este recurso, asumindo as entidades locais o sistema de libre concorrencia no resto de casuísticas, coa colaboración económica da Xunta de Galicia nos concellos de máis de 20.000 habitantes.



O SAF defínese como un servizo social comunitario básico na Lei 12/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. No seu cofinanciamento participa a Consellería con competencias en materia de servizos sociais e as entidades locais prestadoras de SAF (concellos, agrupacións de municipios e/ou mancomunidades) e o Ministerio correspondente, a través do nivel mínimo de dependencia.

Trátase dun servizo moi demandado na atención á dependencia, pois proporciona cuidados profesionais ao tempo que posibilita a permanencia da persoa no seu entorno familiar. Na actualidade, representa máis do 33% das prestacións asignadas a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en Galicia, 14 puntos por riba da media estatal.





As entidades locais que xestionan o SAF rexistran unha grande disparidade de custes para a prestación do servizo, condicionados en grande parte pola modalidade de xestión do mesmo, pola súa estrutura organizativa e tamén polas características xeográficas do municipio.

O financiamento autonómico para o SAF está fixado en 9,70 euros/hora, que supón a porcentaxe maioritaria do custe do servizo, no Decreto 99/2012 que regula os





servizos sociais comunitarios e na Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do SAF a persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Galicia é consciente de que, en moitos casos, o custe que afrontan as entidades locais para a prestación do SAF foise incrementando nos últimos anos, tanto no seu prezo/hora como no volume de persoas que están a recibir o servizo. Este incremento sostido pon en perigo a estabilidade financeira da Administración que presta o servizo e, polo tanto, dificulta que o SAF sexa ofrecido nas condicións óptimas, coa homoxeneidade desexable e que chegue a todos os seus potenciais destinatarios.



Polo tanto, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias consideran conxuntamente que é necesario revisar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, dentro dun acordo plurianual estable, así como establecer unhas condicións base sobre as que poder elaborar os pregos de licitación do SAF nos distintos concellos da nosa comunidade.

En base a todo o anterior **ACORDAN:**

- 
- 
1. Actualizar as tarifas de acordo co seguinte cronograma e importes:
    - a. Desde a sinatura do acordo (con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 2021) ata o 31 de decembro de 2022: 11 euros/hora.
    - b. Entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023: 11,5 euros/hora
    - c. Do 1 de xaneiro de 2024 en adiante, permanecendo vixente como mínimo ata o 31 de decembro de 2024: 12 euros/hora
  2. A Xunta de Galicia e as entidades locais prestadoras do SAF comprométense a establecer os procedementos necesarios para poder maximizar a extensión do servizo, co compromiso de reducir ao mínimo o número de persoas que teñen este servizo no seu PIA e aínda non o están a recibir.

3. Constituirase una comisión mixta entre ambas entidades para a abordaxe das seguintes cuestións:

- a. Seguimento e estudo das condicións de licitación dos contratos do SAF nos concellos de Galicia.
- b. Estudo das cuestións específicas da atención no fogar no caso de Galicia, como poden ser a afectación da dispersión ao servizo e o custo que supón, a maior e crecente opción dos usuarios polo SAF ou a problemática dos contratos de xestión cando se ofrecen novas horas por parte da Xunta de Galicia, entre outras.



4. A devandita comisión contará coa seguinte composición:

- a. Na presidencia, a persoa titular da Consellería de Política Social ou persoa en que delegue;
- b. Na vicepresidencia, a persoa titular da presidencia da Federación Galega de Municipios e Provincias ou persoa en quen delegue;
- c. E catro técnicos, dous deles designados pola Consellería de Política Social e outros dous pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

5. A Xunta de Galicia porá á disposición das entidades locais de Galicia, a través da Fegamp, un modelo de prego tipo que sirva de orientación para as futuras licitacións do SAF nos concellos de Galicia.



6. Tomaranse as medidas necesarias para estandarizar na medida do posible os servizos que se prestan e as condicións nas que se fai, así como reflectir publicamente a implicación das Administracións públicas que participan no financiamento deste servizo.

7. A Xunta de Galicia e a Fegamp comprométense a revisaren este acordo a partir do ano 2025.

8. A Xunta de Galicia comprométese a levar a cabo as modificacións normativas necesarias para o desenvolvemento deste acordo desde o momento da sinatura do mesmo.

**Pola Consellería de Política Social**



Fabiola García Martínez

**Pola Fegamp**



Alberto Varela Paz